

## XESTIÓN DE ESTUDOS DE DOUTORAMENTO

O Plan de Formación para o PAS da Universidade de Vigo do ano 2024 pretende ofrecer unha formación, cun preeminente enfoque práctico, que responda ás necesidades reais das traballadoras e dos traballadores, procurando que os coñecementos e habilidades que adquiren coa realización das actividades formativas sexan aplicables dunha forma directa e inmediata aos seus postos de traballo. En consecuencia

**ESTA XERENCIA RESOLVEU:** convocar o curso de *Xestión de estudos de doutoramento*, con suxeición ás seguintes

### BASES

#### Primeira.- Persoal destinatario.

Terá prioridade o persoal destinado no servizo de xestión de estudos de posgrao e nas áreas académicas de estudos de mestrado e doutoramento, a continuación o PTXAS destinado nas restantes áreas académicas.

#### Segunda.- Obxectivos.

- Analizar e repasar o RD 99/2011 e o RD 576/2023.
- Coñecer o ciclo de vida dos programas de doutoramento.
- Coñecer o contexto nacional e internacional, así como as tendencias que inciden no desenvolvemento da xestión dos estudos de doutoramento.

#### Terceira.- Desenvolvemento.

1. Terá unha duración de 15 horas, en horario de 09 h. a 12 h., os días 4, 6, 8, 12 e 14 de novembro de 2024.
2. O número máximo de participantes será de 20.
3. Lugar de realización: Sala IV do edificio Miralles.
4. De recibirse máis de 20 solicitudes, seguirase a orde alfabética a partir da letra H vixente para os procesos selectivos na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo a resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública de 23 de xaneiro de 2023 (DOG de 26 de xaneiro), e terase en conta ao persoal que, nos últimos anos, estea gozando ou gozase dunha licenza de maternidade, dun permiso de paternidade, dunha redución de xornada ou dunha excedencia para o coidado de fillas/os ou familiares



(D.L. 2/2015, do 12 de febreiro). En todo caso, terá preferencia o persoal funcionario de carreira e laboral fixo.

#### **Cuarta.- Solicitudes.**

O prazo de inscrición rematará o 12 de xullo de 2024 debendo efectuarse a través de Bubela, dentro dos cursos ofertados polo Servizo de PAS deberá seleccionar o curso *XESTIÓN DE ESTUDOS DE DOUTORAMENTO*, e por último, premer no botón *Preinscribir*.

No caso de que o horario do curso coincida coa quenda de traballo do/a solicitante, cómpre, o informe favorable da xefatura ou responsable da unidade correspondente a cumprimentar na solicitude do curso (anexo II) que deberá enviarse no prazo de inscrición ao Servizo de PAS a través do correo electrónico [formacionpas@uvigo.es](mailto:formacionpas@uvigo.es)

#### **Quinta.- Programa.**

MÓDULO I: O modelo implantado polo RD 99/2011 para estudos de doutoramento.

- Principais características e definicións.
- Planos de estudo e actividades formativas propias dun programa.
- Proceso de preinscrición e matrícula.
- Compromiso de supervisión.
- Asignación de titor/a e director/a.
- Plan de investigación.
- Documento de actividades.
- Avaliación anual.
- Duración dos estudos.
- Dedicación.
- Baixas temporais e definitivas.
- Solicitudes de prórroga.
- Certificacións.
- Xestión de alumnado estranxeiro.
- Cotutelas.
- Depósito e tramitación da tese de doutoramento.
- Título de doutor/a.
- Mencións.
- Plan de acción para doutoramentos industriais.

MÓDULO II: Cambios normativos recentes.

- As modificacións do RD 576/2023 e a súa implantación.

MÓDULO III: Estándares de calidade e sostibilidade en doutoramento.



- O procedemento para garantir a súa calidade: RD 822/2021 e a acreditación institucional: RD 640/2021.

#### MÓDULO IV: Tendencias.

- A LOSU e a Lei da Ciencia como marco para os estudos de doutoramento.
- Educación doutoral en Europa: novidades e tendencias actuais.
- Responsabilidade social e transparencia.
- Microcredenciais e doutoramento.
- Selo HRS4R.
- CoARA (Coalición do acordo para a reforma da avaliación da investigación)
- Saúde mental nos doutorandos.

#### Sexta.- Profesorado.

- José Luis Gómez Reboiro, xefe do Servizo de xestión de estudos de posgrao
- José Miguel Dorribo Rivera, técnico da área de calidade.
- David Basalo Domínguez, coordinador da Unidade de análises e programas.

#### Sétima.- Control e certificacións.

1. A asistencia será voluntaria e controlarase mediante partes de sinatura ao inicio e final de cada sesión.
2. Rematado o curso, todas aquelas persoas que completasen a totalidade do horario previsto para cada unha das opcións recibirán un certificado electrónico de asistencia. Este documento estará asinado electrónicamente pola xerente e incluírá un código de verificación electrónica para constatar a súa autenticidade. A non asistencia, aínda que xustificada, superior ao 20% da súa duración, suporá a non expedición do certificado correspondente e, se esta é inxustificada, suporá a perda do dereito a ser admitido durante un prazo de seis meses a calquera curso que se convoque, agás no suposto de quedaren prazas vacantes.
3. As persoas admitidas só poderán renunciar ao curso cunha antelación mínima de dous días hábiles á data de comezo do curso; en caso contrario, serán penalizadas segundo se establece no punto anterior.

#### Oitava.- Financiamento.

Os custos do presente curso imputaranse á aplicación orzamentaria 20240000421S16200 "Cursos de Formación PAS".

Vigo, 11 de xuño de 2024

A xerente,  
Yolanda T. Lesmes Romero

